



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de decembro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño  
José Luís Rodríguez Franco  
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dezaseis de decembro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día catorce de novembro de dous mil once.

#### **2.- CONTA DE GASTOS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a xustificación da execución da obra que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

- *Aprobar a certificación complementaria nº. 2 da obra do PlanE "mellora na rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas" e a correspondente factura por un importe total de mil seiscientos oitenta euros con sesenta e dous céntimos (1.680,62€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **3º.- LICENZAS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Manuel Morales Franco con D.N.I. nº. 34.145.308-Z para a renovación da cuberta na Avda. de Bóveda 23, parroquia de Piño xunto á C.P.-4703 da estrada de Bóveda á Pobra do Brollón á da Pobra do Brollón ao Incio (referencia catastral 000403900PH21F0001GW).*

2.- *Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por oitenta e cinco euros con noventa e catro céntimos (85,94€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D<sup>na</sup>. Elvira Álvarez Franco con D.N.I. nº. 34.145.649-X para realizar obra de conservación do edificio situado na Avda. de Bóveda 19, parroquia de Piño xunto á C.P.-4703 da estrada de Bóveda á Pobra do Brollón á da Pobra do Brollón ao Incio (referencia catastral 000403000PH21F0001EW).*

2.- *Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por setenta e cinco euros con setenta e catro céntimos (75,74€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Manuel Escáñez Gallardo con D.N.I. nº. 38.377.059-H para a renovación da cuberta na rúa Casanova nº. 6, parroquia de Abrence (referencia catastral 000801000PH30G0001SZ).*

2.- *Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por douscentos seis euros con cincuenta e catro céntimos (206,54€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización do C.T.P.H. da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Productos Ancar S.L. con N.I.F. B-27.174.119 representada por D. Carlos González Gallego con D.N.I. nº. 34.262.862-S para a apertura dun Furancho no lugar de Abelaira parroquia de Vilachá.*

2.- *Darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización do C.T.P.H. da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento cincuenta e tres euros con oitenta e oito céntimos (153,88€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do arquitecto municipal sobre a compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais, e tendo en conta que o expediente foi sometido a información pública por prazo de vinte días para os efectos do artigo 8 do Decreto 133/2008 de Galicia sen que e dito prazo se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

- *Informar favorablemente o expediente de “reforma e ampliación de explotación de vacún de leite” instado por Ganadería Casa Parada SC con NIF número J-27.378.371 representada por D. Avelino López Parada con D.N.I. número 34.262.998, e situado na parroquia de Santalla de Rei (parcelas 625, 626, 627, 629 e 694 do polígono catastral 13) no que respecta á incidencia ambiental por tratarse dunha actividade propia do lugar no que se encontra.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, o informe do arquitecto municipal e tendo en conta que o expediente foi sometido a información pública por prazo de vinte días para os efectos do artigo 41.2b) da Lei 9/2002 de Galicia de ordenación urbanística e protección do medio rural) sen que e dito prazo se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

- *Informar favorablemente o expediente de “Construcción dunha Adega” no lugar de O Busto, parroquia de Saa (parcelas 23 e 25 do polígono catastral 84) instado Lagar do Busto S.L. con N.I.F. B-27.406.370 representada por D. Pedro José Vázquez Brito con D.N.I. número 30.637.656-T.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, o informe do arquitecto municipal e tendo en conta que o expediente foi sometido a información pública por prazo de vinte días para os efectos do artigo 41.2b) da Lei 9/2002 de Galicia de ordenación urbanística e protección do medio rural) sen que e dito prazo se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

- *Informar favorablemente o expediente de “mellora e ampliación dun camiño en Parada dos Montes” instado pola Comunidade de Montes de Couso, Río de Bois e Parada de Montes con N.I.F. V27.294.255 representada por D. Manuel Martínez Gallego con D.N.I. nº. 34.259.042-J.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia sobre a non necesidade de someter o proxecto ao trámite de avaliación ambiental e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar á Comunidade de Montes de Couso, Río de Bois e Parada de Montes con N.I.F. V27.294.255 representada por D. Manuel Martínez Gallego con D.N.I. nº. 34.259.042-J para a limpeza de dous camiños na parroquia de Parada dos Montes.*

2.- Darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por douscentos cincuenta e catro euros con sesenta e dous céntimos (254,62€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Titular	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Fernando Vázquez Macía	34.228.914-S	6373-CMS	2012

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **5º.- TAXAS MUNICIPAIS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito da interesada no que aduce que o edificio situado no Pacio nº. 6, parroquia de Piño, é unha soa vivenda e ven tributando como dúas nas taxas de auga e lixo tras comprobar a realidade do exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Dar de baixa o contador nº 000353338, a nome de D<sup>na</sup>. Mercedes Díaz Vega con D.N.I. nº. 34.146.291-P, no servizo de abastecemento de augas con efectos do ano 2011.

2.- Dar, así mesmo de baixa o correspondente recibo de lixo co mesmo efecto.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito do interesado no que reclama a devolución das recargas de prema dos recibos de IBI de natureza urbana de 2010 e 2011, e tendo en conta que ditos recibos estaban domiciliados nunha entidade financeira e non foron cobrados por causa non imputable ao recorrente, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer a D. Juan Carlos Franco Vázquez con D.N.I. nº. 50.160.426-W o dereito á devolución da cantidade de catorce euros con setenta e catro céntimos (14,74€) correspondentes ás recargas de prema dos recibos do IBI de natureza urbana nº. 433.572 correspondentes aos exercicios 2010 e 2011.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito da interesada no que reclama a devolución das recargas de prema dos recibos de auga e lixo de 2008 e 2009, e tendo en conta que ditos recibos estaban domiciliados nunha entidade financeira e non foron cobrados por causa non imputable á recorrente, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer a D<sup>na</sup>. Carmen Páez Rodríguez con D.N.I. nº. 34.231.954-L o dereito á devolución da cantidade de vinte e sete euros con setenta e catro céntimos (27,74€) correspondentes ás recargas de prema dos recibos por abastecemento de auga potable, sumidoiros e

recollida e tratamento de R.S.U. correspondentes ao edificio nº. 10 da Avda. de Outeiro nesta vila dos exercicios 2008 e 2009.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **6º.- BAIXA DE VEHÍCULO MUNICIPAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello é propietario dun turismo matrícula B-3506-IJ, comprado no seu día de segunda man, e cunha antigüidade de mais de 24 anos. Dito vehículo está xa moi deteriorado e ocasiona importantes gastos por reparacións. Consonte co anterior, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- *Dar de baixa definitiva en tráfico o vehículo marca Lada, modelo Niva-Vaz, matrícula B-3506-IJ.*

2.- *Proceder ao despezamento de dito vehículo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e coenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e tres de xaneiro de dous mil doce.

v. e pr.  
O Alcalde,  
  
Asdo.: José Luis Maceda Vilariño

  
SECRETARÍA

